



iniciativas no rural galego

Iniciativa	AMIPA, Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Sar
Enderezo	Reitoral de Santo Tomé de Sorribas 2, Sorribas - Rois (A Coruña), 15980
Web	http://www.asociacionamipa.es
E-mail	asociacionamipa@gmail.com
Persoas de contacto	M ^a Begoña Suárez García (Dirección) e Virginia Alonso Paz (Coordinación técnica)
Fórmula xurídica	Asociación, Entidade sen ánimo de lucro Prestadora de Servizos Sociais

A experiencia



AMIPA é unha Asociación de nais e pais con fillas, fillos, irmás e irmáns con discapacidade intelectual dos concellos de Dodro, Padrón e Rois. AMIPA nace co obxectivo de favorecer a inclusión das persoas con discapacidade na comunidade, tentando desenvolver a súa autonomía persoal, familiar, laboral e social.

AMIPA conta cun Centro Ocupacional en Sorribas (Rois) dedicado á formación e á orientación, de homes e mulleres con diferentes necesidades de apoio, para a súa maior inserción laboral e participación social. Dende o Centro Ocupacional deséñase e desenvólvese, con cada persoa con discapacidade, un programa individual de atención.

En clave de autoxestión, no Centro Ocupacional cóntase cun obradoiro de produtos artesanais que se venden directamente en Sorribas ou a través de puntos de venda en tendas e establecementos da propia Comarca. Nesta mesma clave existe tamén un proxecto de horta ecolóxica, cun posto de venda no mercado de Padrón.

AMIPA é unha iniciativa que aposta pola igualdade de oportunidades e polas capacidades das persoas.



As orixes

AMIPA nace no ano 1997 como Asociación de familias para tentar dar resposta á falta de oportunidades dos mozos e mozas con discapacidade Intelectual na Comarca do Sar.

Entre as familias existía a preocupación respecto do futuro das súas fillas e fillos unha vez rematada a etapa escolar e, co apoio e orientación dos servizos sociais municipais, comézase a traballar nun proxecto compartido polos municipios comarcais. O que nun principio se artellou como unha modesta rede de talleres rurais, co tempo consolídase nun proxecto integral de formación continua que pretende favorecer o desenvolvemento integral de cada persoa con discapacidade intelectual.

Dende o ano 2003 AMIPA funciona como proxecto comarcal. Coa apertura do Centro ocupacional na parroquia de Sorribas, no concello de Rois, en 2010, AMIPA consolida a posibilidade de desenvolver un traballo continuado e dignifica a atención ás persoas con discapacidade intelectual.

As instalacións



Nos comezos a Asociación tiña un pequeno local en Padrón. Mais, pronto xorde a necesidade de buscar un espazo máis amplo onde dar saída a diferentes proxectos.

Despois dunha intensa busca, a casa reitoral da aldea de Sorribas xorde como unha interesante opción, aínda que o inmoble precisaba dunha profunda reforma polo estado de abandono no que se atopaba.

Contáctase con Patrimonio e comezan os trámites co Arcebispo de Santiago, quen facilita e confía no proxecto, asinando a cesión da casa por un período de 30 anos

Logo de moitos esforzos e do traballo de moitas persoas, o que era un espazo abandonado é hoxe a sede da entidade, un lugar vivo, cálido e aberto.

Os proxectos



AMIPA favorece a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade intelectual mediante a formación continua e a prestación de apoios individualizados necesarios para acadar a máxima autonomía persoal. Concretamente a través de :

- Centro Ocupacional de Sorribas, onde se desenvolven itinerarios prácticos de formación ocupacional e para o emprego no sector do aluminio e en servizos básicos e manipulados. En Sorribas se desenvolven tamén procesos persoais de formación para a vida, a partires de diversos programas, cursos e actividades.
- A Unidade de apoio xeneralizada, dirixida a aquelas persoa con maiores necesidades de atención.
- O obradoiro de artesanía.
- O horto ecolóxico
- O programa de actividades físicas e deportivas.
- O programa de ocio e tempo libre na comunidade.
- O programa de atención e apoio aos membros das unidades de convivencia das persoas con discapacidade intelectual.
- Proxectos de apertura ao contorno: voluntariado e sensibilización da veciñanza da comarca do Sar.

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VI
ONZALEZ	PAROAL Yolanda	PAROAL Yolanda	PAROAL Yolanda	PAROAL Yolanda	
AR	AVAB Jose	AVAB Jose	AVAB Jose	AVAB Jose	
REZ	Teresa	Teresa	Teresa	Teresa	
ERDA	Ramón	Ramón	Ramón	Ramón	
	si	si	si	si	

O territorio

Forman a Comarca do Sar os concellos de Rois, Dodro e Padrón, sendo este o referente a nivel administrativo e de servizos para a poboación da contorna. O conxunto da poboacións é de cerca de 17.200 habitantes.

A proximidade á costa e a presenza no seu territorio dos ríos Ulla e Sar, condicionan a orografía e proporcionan aos seus vales unha clara vocación litoral. Este entorno fai da comarca un dos espazos máis favorecidos para as actividades tanto agrícolas como gandeiras.

Predomina o clima oceánico caracterizado pola suavidade das temperaturas e a moderada aparición de precipitacións, menos frecuentes na época estival.

A actividade industrial da comarca recolle un dos mellores indicadores económicos. De feito, a comarca arroxa, coa súa capital á cabeza, o maior produto interior bruto (PIB) da área de influencia de Compostela, con 16.423 euros por habitante.



Identidade Territorial



O ámbito de actuación de AMIPA é eminentemente rural. O proxecto adáptase ás potencialidades e recursos que ofrece o entorno, procurando dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual dende o contexto inmediato, a partires do coñecemento das peculiaridades do territorio e das necesidades formuladas polo tecido empresarial ou polos axentes culturais e sociais.

Ademais, iniciativas como o proxecto de agricultura ecolóxica parten da experiencia previa e do contacto directo que as mulleres e homes de AMIPA teñen coa terra e coa horta, por estar presente nas súas casas, na súas aldeas. O proxecto pretende facer visible a presenza das persoas con discapacidade na comunidade e salientar as súas achegas a diferentes espazos socioeconómicos do territorio, como é neste caso, a praza de abastos de Padrón, onde venden os seus produtos rodeados de produtores e produtoras da Comarca do Sar.



Vulnerabilidade

A Comarca do Sar caracterízase por ser un entorno rural onde a poboación está moi dispersa. Dispón de escasos recursos e dun precario servizo de transporte público que condiciona a comunicación interior no propio territorio. As limitacións son superiores ás dun contexto urbano pola falta de oportunidades e a inexistencia de servizos que cubran as necesidades de inclusión social e laboral deste sector da poboación.

Nun territorio pequeno, chama a atención o elevado número de persoas con discapacidade intelectual. Os datos así o sinalan e a nivel de Estado recolle un dos índices máis elevados de diversidade funcional.

Nos comezos AMIPA atendía a máis persoas, pero os requirimentos legais do Centro Ocupacional, en función do servizo que se presta en vinculación coa administración, soamente permite traballar coas 24 prazas que ofertan.

Neste momento xa se precisan recursos e espazos para poder dar resposta ás novas necesidades de apoio das persoas con discapacidade intelectual, o que precisaría da creación e posta en funcionamento dun centro de día.

Proceso de participación

AMIPA é un movemento de base, que xorde en 1997 por iniciativa das familias e co apoio dos servizos sociais municipais. As nais e pais participaron ao longo de todas as fases de creación da entidade, implicándose en todo momento no proxecto. Tamén as persoas, homes e mulleres que acoden a Sorribas e participan nas actividades definen o día a día da Asociación. O persoal técnico e de apoio, quen coordina o proxecto, é tamén parte fundamental.

AMIPA desenvolve tamén diferentes proxectos de voluntariado e sensibilización dirixidos á veciñanza, co fin de dar a coñecer as distintas actividades e facilitando a creación de distintos espazos dende os que outras persoas poidan participar en AMIPA.



Papel da Administración	<p>Cos concellos da comarca hai unha forte relación. Dende o comezo do proxecto, facilitaron o traballo e prestaron recursos e materiais. Mesmo hai persoal técnico cedido polos concellos de Rois e Padrón, como son os técnicos deportivos e a educadora familiar do Concello de Rois. Ao tempo, os concellos apoian á entidade a través dunha liña de financiamento anual.</p> <p>AMIPA tamén recibe axudas por parte da Deputación, dirixidas ao mantemento. A Xunta é a fonte de financiamento máis importante, por ter asinado con AMIPA un contrato de xestión de servizos públicos para a atención de persoas con discapacidade e por conceder os Programa de Cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen fins de lucro.</p>
Papel técnico	<p>O equipo técnico e en xeral a totalidade do persoal que forma parte de AMIPA, está moi implicado. As reunións de coordinación son diarias, celebrándose ademais unha reunión máis extensa cada semana. A planificación do traballo é determinante para o bo funcionamento do proxecto. Ao tempo, desenvólvese traballo colaborativo de maneira habitual co persoal dos concellos.</p>
Papel asociacións	<p>AMIPA forma parte de diferentes redes e colabora con asociacións de diferentes ámbitos.</p> <p>AMIPA é socia de FADEMGA FEAPS Galicia, xunto a outras entidades de base asociativa familiar.</p>
Papel da cidadanía	<p>AMIPA colabora con centros educativos a través de charlas e actividades. Tamén se ofertan visitas didácticas no propio Centro Ocupacional. Outras experiencias con repercusión no entorno foi o Proxecto "Rosalía nos cinco sentidos", froito da colaboración entre a Biblioteca Municipal do Concello de Rois, A Fundación Rosalía de Castro e AMIPA.</p> <p>O traballo coas veciñas e veciños é un elemento fundamental e moi valorado dende a Asociación. Dando a coñecer as diferentes actividades e proxectos, AMIPA pretende achegarse á cidadanía, favorecer a súa participación e valorar as potencialidades das persoas con discapacidade intelectual.</p>



Proceso de participación

A asemblea é a reunión máis significativa do ano, participa un 60% das familias e das persoas socias en función da temática. Tralo esforzo das familias na consecución dun espazo onde os seus familiares con discapacidade puidesen seguir formándose, baseándose en principios de base asociativa, ao pasar a ter un contrato de prestación de servizos coa Administración autonómica, o asociativo pasou a un segundo plano polas esixencias e a profesionalización que supón manter dito servizo.

A Asociación conta tamén cun espazo denominado grupo de irmáns, onde participan familiares das persoas con discapacidade intelectual que non son as nais, pais ou titores/as legais no momento presente. Persoas que as propias persoas usuarias elixen. Os temas e as conversas do grupo de irmáns son moi diferentes aos das asembleas.

As persoas con discapacidade intelectual participan na organización das actividades, así como no deseño do seu proxecto persoal de atención, elixindo como e que aspectos abordar.



Proxecto de agricultura ecolóxica

O contexto de actuación é eminentemente rural, por este motivo hai uns anos que AMIPA iniciou procesos de capacitación de persoas con discapacidade intelectual en tarefas agrícolas mediante pequenas accións formativas. A demanda de produtos ecolóxicos na contorna e o grande interese mostrado polas propias persoas con discapacidade, fixo priorizar a agricultura ecolóxica como unha vía de inclusión social e laboral para algunhas persoas con discapacidade intelectual.

Asinar o Convenio de colaboración co Convento Franciscano de Herbón fixo arrancar un proxecto fermoso de agricultura ecolóxica no ano 2009 .

Actualmente, o espazo privilexiado da horta da Casa Reitoral de Sorribas (Rois) é a orixe dos produtos ecolóxicos que se comercializan no posto de venda da Praza de Abastos de Padrón. Produtos de tempada sementados en bancais, rotación de cultivos no invernadoiro, froitas, os auténticos pementos de Herbón... son unha aposta por un xeito de cultivar a modiño, sen químicos, segundo o momento do ano, respectando o medio ambiente de forma sostible e equilibrada e sendo socialmente responsables.

O papel da muller



Son as familias quen lideran o proxecto en feminino. O 90% son nais. A preocupación polo futuro das fillas e fillos, irmás e irmáns, levou ás mulleres, como coidadoras principais, a liderar o proxecto. AMIPA non se entende sen as nais e irmás que dende un principio puxeron en marcha a iniciativa.

Recursos

Dende o comezo, as familias puxeron a súa economía a disposición do proxecto, asinando como avalistas para poder realizar as obras de acondicionamento da casa de Sorribas, futura sé do Centro Ocupacional. Foron máis de 400.000 euros de inversión asumida pola base da Asociación e o respaldo dun grupo de 19 familias.



No momento no que se conceden axudas, AMIPA chega a cubrir máis do 50% das súas necesidades, concedidas por obras sociais, administración e fundacións, mais para dispor de efectivo volven ser as familias quen fan o esforzo asinando un aval mancomunado.

As familias tamén adiantaron cartos para mercar unha furgoneta a través dun préstamo solidario.

Mesmo para algún proxecto empregaron a banca ética como foi o caso do adianto para unha subvención.

O 56%de financiamento de AMIPA do exercicio 2013 dependeu das diferentes administración (local e autonómica).

Empoderamento

As familias son conscientes de que as súas fillas e fillos empoderáanse e gañan autonomía.

AMIPA procura buscar un itinerario individual para cada unha das persoas que forman parte do proxecto. A Asociación promove que cada persoa sexa protagonista, que cada quen teña o seu espazo.

Seguintes pasos



Ofrecer o servizo do centro ocupacional abriu un proceso de adaptación aos requirimentos marcados pola administración o que supón, entre outros, a burocratización do funcionamento de AMIPA repercutindo nas relacións coas familias, que o viven como un obstáculo e perda de confianza. É por iso que AMIPA ten como reto seguir traballando en rede, e defendendo e cultivando uns valores que non queren perder, procurando medrar como Asociación, contando coa participación e implicación de todas as persoas que forma parte do proxecto e manténdoo con vida.

Con respecto a proxectos concretos, AMIPA desexaría dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade sen familia.

Impactos

Territorio intelixente

AMIPA ten sentido na medida en que mellora a vida das persoas que forman parte da Asociación e xera un territorio máis respectuoso e acolledor para cada un dos seus membros.

AMIPA achega capacidade de traballo en equipo, de adaptación, e ganas de facer todo o que sexa beneficioso para a localidade e para a veciñanza en xeral, e para cada persoa en particular.

Territorio inclusivo

As necesidades das persoas van mudando e non se poden cubrir en todas as súas fases vitais. AMIPA cobre unha fase moi concreta que a de inserción ao mundo laboral e a participación social. Se as raíces das persoas están no rural, é aí onde deben medrar e poder desenvolverse.

Territorio sustentable

Aprovéitase o potencial que ofrece o territorio, non só cos recursos e oportunidades da terra, tamén a relación de proximidade entre as persoas.

